

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **16 de febreiro de 2023**

Ás 17.35 horas do día 16 de febreiro de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Luz Doporto Real

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputados de Democracia Ourenzana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Non asiste o deputado don Miguel Antonio Cid Álvarez, do Grupo Popular (substituído por don Álvaro José Fernández López), nin don César Manuel Fernández Gil (substituído por dona Luz Doporto Real).

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE XANEIRO DE 2023.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de xaneiro de 2023.

Non se producen intervencións e por maioría, a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 18 de xaneiro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral, corrixiendo un erro no apartado de rogos e preguntas en referencia ao balneario de Berán, que poñía Verín por erro.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** dá conta dunha pregunta formulada na sesión anterior por dona Susana Rodríguez Estévez, manifestando que xa foi contestada polo presidente no pasado Pleno.

D. Bernardo Varela López, do BNG, respecto da aprobación do inventario de bens que se vai tratar no Pleno, pregunta se houbo novidades respecto da valoración que se lle outorga ás accións de Meisa, que figura con valor de 0 euros.

A **presidenta da comisión** responde que segundo se decida no Consello de Administración de Meisa lle trasladará por escrito se hai algunha novidade.

D.ª Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta se se sabe algo xa da nova localización para a Deputación e se se coñecen as empresas interesadas en xestionar o futuro hotel balneario e como van as negociacións.

A **presidenta da comisión** responde que non hai novidades e que cando as haxa faranllas chegar.

D.ª Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta se cada vez que pola Deputación se fan os controis periódicos da auga no patio deste edificio se ten estudado se hai unha baixada de caudal das augas das Burgas.

A **presidenta da comisión** responde que non coñece ese dato e que cando teña información lla farán chegar.

E, ás 17.39 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

